



## O home que vomita ramas (*green man* ou home verde, Santiago o Verde...), e algunhas figuras de resucitados da Galicia Medieval: reflexións a partir dalgúns casos

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ<sup>©\*</sup>

se non se advirte as imaxes son do autor

*Para Daniel Manso, un dos bos e xenerosos nas terras do Deza.*

### Sumario

Preséntanse algunhas imaxes do chamado «home verde» ou «green man» na Galicia medieval que, nalgún caso, permiten unha identificación moi clara co antigo deus celta Cernunnos. Ó mesmo tempo, reflexiónase sobre o achegamento iconográfico destas imaxes coas dos resucitados no paraíso cristián.

### Abstract

Presenting some images of the so-called «green man» in medieval Galicia, which, in some cases, allows a very clear identification of the old celtic god Cernunnos. At the same time it reflects through the iconographic approach of these images, those resurrected in the Christian paradise.

### INTRODUCCIÓN

Ollando, fotografando e debuxando infindas imaxes de persoas desta vida e da outra nas nosas igrexas, catedrais e mosteiros de Galicia e máis aló desde hai décadas, chegou un momento en que me sorprende a forma e función do que se coñece en boa parte de Europa como o home verde, *green man* (Raglan, 1939; Millar, 1997; Harding, 1998...).

O home verde, *green man* nas Illas Británicas, *le feuillou* en Francia, *blattgesicht* en Alemania, etc. adoita figurarse como unha cara cuberta de follas, as cales, correntemente, aínda que non sempre, saen da súa boca a partir de ramas ou caulículos. Atópanse en boa parte de Europa, pero de maneira especial nos países do arco atlántico, alí onde a cultura celta deixou unha pegada máis fonda. Unha cara que vomita ramas é por definición unha entidade que xera vida e, polo tanto, na súa orixe estamos ante un deus. E se é un deus, ten que ser forzosamente precristián, por máis que poida asimilarse nalgúns casos a Cristo.

\* **Alfredo Erias Martínez** é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas, arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos e coordinador xeral de *Restauro: revista internacional del Patrimonio Histórico*. <<http://www.alfredoerías.com>>, <<http://anuariobrigantino.betanzos.net>>, <<http://hemeroteca.betanzos.net>>, <<http://www.revistarestauro.com>>.

Pero logo decateime de que hai unha relación ou cando menos unha certa semellanza formal e funcional coa figura do resucitado no Paraíso cristián. E así se orixina o presente traballo, que non é nin pretende ser un catálogo amplo de formas, que sería o desexable.

Se tiveramos todas as imaxes de resucitados e homes verdes que hai na Galicia Medieval poderíamos facer tipoloxías de formas e funcións precisas, ademais de sacar as conclusións conseguíntes. Como iso non é agora posible, camiñaremos entre a catedral de Santiago; a igrexa do Hospital, de Quiroga, Lugo, da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén; a igrexa de San Francisco, de Betanzos, e a de San Xulián de Ventosa en Agolada, Lugo, para adiantar algunhas reflexións.

## ACARA QUE VOMITA RAMAS E FOLLAS NA CATEDRAL DE SANTIAGO

Unha das primeiras imaxes, quizais a primeira, da cara que vomita ramas e follas en Galicia pode verse no incensario que leva un anxo do tímpano da esquerda (segundo mira o espectador) da Porta de Platerías (s. XII) da catedral de Santiago. De fondo aparece o Paraíso, representado por unha vexetación esquemática e entrelazada onde, por suposto, vemos á serpe da tentación, enroscada na árbore da ciencia do ben e do mal.

O incenso bíblico consiste nunha preparación de resinas aromáticas vexetais, particularmente do xénero de árbores *Boswellia*, ás que se poden engadir aceites esenciais, xa sexan de orixe vexetal ou animal. Pero o seu uso está xeneralizado desde moi antigo en diversas relixións por boa parte do mundo (Exipto, India, Xapón...).

É evidente que o incensario ten como función esencial elevar o fume e o rico aroma do incenso ó ceo, creando unha comunicación directa entre os fieis e deus, que por definición está arriba, a través das prearias que o fume leva: «*Suba mi oración delante de ti como el incienso*» (*Salmo 141:2*). Por iso o incenso é un transportador espiritual, metafórico, entre o de abaixo e o de arriba. E tamén un símbolo solar, e máis se está contido nun incensario de ouro, metal simbólico do sol.

A palabra «*incienso*» aparece en numerosos versículos bíblicos. Por exemplo, no primeiro libro de *Crónicas* vemos, antes de que o rei Josías instaurara pola forza o culto a Yahvé ou Jehová (s. VII a. C.), como o incenso era utilizado no culto ós lugares elevados e ás árbores, algo antiquísimo por toda Eurasia:

*<sup>1</sup>De veinte años era Acáz cuando comenzó a reinar, y dieciséis años reinó en Jerusalén; mas no hizo lo recto ante los ojos de Jehová, como David su padre. <sup>2</sup>Antes anduvo en los caminos de los reyes de Israel, y además hizo imágenes fundidas a los baales. <sup>3</sup>Quemó también incienso en el valle de los hijos de Hinom, e hizo pasar a sus hijos por fuego, conforme a las abominaciones de las naciones que Jehová había arrojado de la presencia de los hijos de Israel. <sup>4</sup>Asimismo sacrificó y quemó incienso en los lugares altos, en los collados, y debajo de todo árbol frondoso (2 Crónicas 28:1-4).*

Moitos séculos máis tarde, no *Apocalipsis* de San Xoán, o incenso identifícase coas oracións e co sol, tanto pola súa cualidade de elevación como a través das copas de ouro que o conteñen:

*<sup>6</sup>Y miré, y vi que en medio del trono y de los cuatro seres vivientes, y en medio de los ancianos, estaba en pie un Cordero como inmolado, que tenía siete cuernos, y siete ojos, los cuales son los siete espíritus de Dios enviados por toda la tierra. <sup>7</sup>Y vino, y tomó el libro de la mano derecha del que estaba sentado en el trono. <sup>8</sup>Y cuando hubo tomado el libro, los cuatro seres vivientes y los veinticuatro ancianos se postraron delante del Cordero; todos*

tenían arpas, y copas de oro llenas de incienso, que son las oraciones de los santos;<sup>9</sup> y cantaban un nuevo cántico, diciendo: Digno eres de tomar el libro y de abrir sus sellos; porque tú fuiste inmolido, y con tu sangre nos has redimido para Dios, de todo linaje y lengua y pueblo y nación;<sup>10</sup> y nos has hecho para nuestro Dios reyes y sacerdotes, y reinaremos sobre la tierra. <sup>11</sup>Y miré, y oí la voz de muchos ángeles alrededor del trono, y de los seres vivientes, y de los ancianos; y su número era millones de millones, <sup>12</sup>que decían a gran voz: El Cordero que fue inmolido es digno de tomar el poder, las riquezas, la sabiduría, la fortaleza, la honra, la gloria y la alabanza. <sup>13</sup>Y a todo lo creado que está en el cielo, y sobre la tierra, y debajo de la tierra, y en el mar, y a todas las cosas que en ellos hay, oí decir: Al que está sentado en el trono, y al Cordero, sea la alabanza, la honra, la gloria y el poder, por los siglos de los siglos. <sup>14</sup>Los cuatro seres vivientes decían: Amén; y los veinticuatro ancianos se postraron sobre sus rostros y adoraron al que vive por los siglos de los siglos (Apocalipsis 5:6-14).

<sup>1</sup>Cuando abrió el séptimo sello, se hizo silencio en el cielo como por media hora. <sup>2</sup>Y vi a los siete ángeles que estaban en pie ante Dios; y se les dieron siete trompetas. <sup>3</sup>Otro ángel vino entonces y se paró ante el altar, con un incensario de oro; y se le dio mucho incienso para añadirlo a las oraciones de todos los santos, sobre el altar de oro que estaba delante del trono. <sup>4</sup>Y de la mano del ángel subió a la presencia de Dios el humo del incienso con las oraciones de los santos. <sup>5</sup>Y el ángel tomó el incensario, y lo llenó del fuego del altar, y lo arrojó a la tierra; y hubo truenos, y voces, y relámpagos, y un terremoto (Apocalipsis 8:1-5).

Por conseguinte, o noso incensario da Porta de Platerías pode verse como un elemento que transmite ó ceo, a deus, as oracións dos fieis, que dese xeito gañan a resurrección da vida despois da morte. Unha



Figs. 1-2.- O vomitador de ramas na base dun incensario que leva un anxo do Paraíso, coa árbore da ciencia do ben e do mal (onde está a serpe) ó fondo (Porta de Platerías da catedral de Santiago). Abaixo, detalle.



transmisión ademais garantida por un ser aéreo, espiritual, que se move entre o ceo e a terra: o anxo turiferario. Trátase de asegurar a comunicación cun deus dador de vida, un deus que resucita ós mortos. ¿E cal é a imaxe dese deus? Pois parece evidente que é a dese home, esa cara, que vomita vida: ramas e follas pola boca. Pero, de onde vén esta imaxe? Desde logo, a forma non é cristián. Semella ser unha derivación dun deus antigo, asimilado polo Cristianismo. E cómo se produce esa asimilación? Quizais convertendo ó antigo deus que pola boca lanza vida nunha metáfora de Xesucristo (ou no seu caso, tamén Deus Pai), que dá a vida eterna a través da Palabra. Se facemos unha exploración bíblica, veremos que esta posibilidade de identificación metafórica das ramas coas palabras divinas é posible:

<sup>3</sup>*Y dijo Dios: Sea la luz; y fue la luz. (Génesis 1:3)*

*Escrito está: No sólo de pan vivirá el hombre, sino de toda palabra que sale de la boca de Dios. (Mateo 4:4)*

<sup>5</sup>*Entrando Jesús en Capernaum, vino a él un centurión, rogándole, <sup>6</sup>y diciendo: Señor, mi criado está postrado en casa, paralítico, gravemente atormentado. <sup>7</sup>Y Jesús le dijo: Yo iré y le sanaré. <sup>8</sup>Respondió el centurión y dijo: Señor, no soy digno de que entres bajo mi techo; solamente di la palabra, y mi criado sanará. (Mateo 8:5-8)*

<sup>16</sup>*Y cuando llegó la noche, trajeron a él muchos endemoniados; y con la palabra echó fuera a los demonios, y sanó a todos los enfermos (Mateo 8:16)*

<sup>23</sup>*Mas el que fue sembrado en buena tierra, éste es el que oye y entiende la palabra, y da fruto; y produce a ciento, a sesenta, y a treinta por uno. (Mateo 13:23)*

<sup>2</sup>*E inmediatamente se juntaron muchos, de manera que ya no habían ni aun a la puerta; y les predicaba la palabra. (Marcos 2:2)*

<sup>9</sup>*Y descendiendo ellos del monte, les mandó que a nadie dijese lo que habían visto, sino cuando el Hijo del Hombre hubiese resucitado de los muertos. <sup>10</sup>Y guardaron la palabra entre sí, discutiendo qué sería aquello de resucitar de los muertos. (Marcos 9:9-10)*

<sup>3</sup>*Entonces el diablo le dijo: Si eres Hijo de Dios, di a esta piedra que se convierta en pan.*

<sup>4</sup>*Jesús, respondiéndole, dijo: Escrito está: No sólo de pan vivirá el hombre, sino de toda palabra de Dios. (Lucas 4:3-4)*

<sup>6</sup>*Y Jesús fue con ellos. Pero cuando ya no estaban lejos de la casa, el centurión envió a él unos amigos, diciéndole: Señor, no te molestes, pues no soy digno de que entres bajo mi techo; <sup>7</sup>por lo que ni aun me tuve por digno de venir a ti; pero dí la palabra, y mi siervo será sano. (Lucas 7:6-7)*

<sup>11</sup>*Esta es, pues, la parábola: La semilla es la palabra de Dios. (Lucas 8:11)*

<sup>51</sup>*De cierto, de cierto os digo, que el que guarda mi palabra, nunca verá muerte. (Juan 8:51)*

<sup>26</sup>*Varones hermanos, hijos del linaje de Abraham, y los que entre vosotros teméis a Dios, a vosotros es enviada la palabra de esta salvación. (Hechos de los Apóstoles 13:26)*

<sup>18</sup>*El, de su voluntad, nos hizo nacer por la palabra de verdad, para que seamos primicias de sus criaturas. (Santiago 1:18)*

## O HOME QUE VOMITA RAMAS E CERVOS NA PÍA BAPTISMAL DA IGREXA DO HOSPITAL DE QUIROGA (LUGO)

A pía baptismal da igrexa do Hospital de Quiroga, Lugo, da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén, presenta unha espectacular imaxe dun deus dador de vida, que se identifica, como poucas imaxes desta figura, coñecida hoxe como *green man* en toda Europa, co deus celta Cernunnos. Por que se pode dicir isto? Pois, para empezar, porque

a cabeza presenta dous estraños rizos, moi marcados, que máis parecen cornos. Pero, sobre todo, se de todas formas non fosen cornos, das dúas ramas ou caulículos que vomita pola boca (unha a cada lado, desenrolándose e uníndose en todo o campo da pía) saen, ademais de follas, flores e outras ramas, atención!, varias **cabezas de cervo**, sendo a maior delas a que se atopa xusto na parte posterior da cabeza do deus.

É dicir, hai unha identificación do deus coa vida vexetal e coa vida animal. É un deus rexenerador do bosque primixenio. Pero tamén hai unha identificación máis explícita deste deus co cervo, e iso é Cernunnos. Así como o cervo perde e recupera todos os anos os seus cornos, que medran como se fosen ramas vexetais, así tamén, despois da morte humana, virá o renacer, garantido polo deus da noite, da morte, do Máis Aló, o deus psicopompo Cernunnos que acompaña á alma para salvala dos perigos da escuridade, cara ó alumear do novo día, da luz, da vida. E así como o sol morre e resucita todos os días, ou declina en inverno e renace en primavera, a vida tamén volve despois da morte invernal. Cernunnos non deixa de ser un avatar, o terceiro paso do sol, do gran e único deus celta: o avatar da volta á vida despois da morte, a supervivencia cultural dun vello e antiquísimo deus paleolítico que conserva dese tempo a forma do animal, pero que tamén presenta a posterior e neolítica aparencia dun home. Ese foi correntemente o tránsito formal dos deuses euroasiáticos: de animais paleolíticos a seres antropomorfos neolíticos, mantendo algúns as dúas formas ou sendo outros acompañados pola do animal anterior (Frazer, 1890). Na Península Ibérica, a famosa historia da cervo branca de Sertorio (122 a 72 aC) contada por Plutarco, é indicativa con moita probabilidade do culto a un deus ou a unha deusa do bosque, identificado/a co cervo, que este militar romano aproveitaría. Por outra parte, e para comprender que semellante imaxe teña sentido nunha pía bautismal cristián, podemos pensar que o cervo se asimila metaforicamente coa alma na Biblia. A imaxe do cervo que bebe a auga dunha fonte é frecuente na arte cristián, simbolizando que Cristo é a verdadeira fonte que calma a sede do home.

<sup>1</sup>Como el **ciervo** brama por las corrientes de las aguas, así clama por ti, oh Dios, el alma mía. (Salmos 42:1)

Sen embargo, a corrente de fieis que van ás innumerables «Fontes do Santo» nas romarías galegas e irlandesas, sobre todo, fálannos tamén da asimilación do culto celta ás augas por parte do Cristianismo. E, posto que o bautismo é un renacer á vida cristián, parece lóxico que a pía bautismal aluda a ese renacemento nunha espléndida fusión entre




Fig. 3.- O triunfo da cruz ou a cruz como árbore da vida (no Paraíso vexetal cristián), mosaico de principios do s. XII na ábsida da basílica de San Clemente en Roma. Imaxe: <<http://www.google.es>>



Fig. 4.- Pía bautismal da igrexa do Hospital de Quiroga (Lugo). Debuxo: Alfredo Erias.

a supervivente cultura celta e o Cristianismo triunfante. E esta fusión aínda se pode subliñar máis se pensamos que a pía bautismal cristián, que non aparece na Biblia, pode verse como unha asimilación do caldeiro ritual celta (pensemos no de Gundestrup coa imaxe de Cernunnos), supervivente tamén no ancestral caldeiro ou pote das lareiras de Galicia que chegan ata nós. Eu mesmo coñezo restos de varios caldeiros antigos, con decoración tipicamente celta e procedentes dun lugar concreto da vella *Gallaecia*. Confiemos en que pronto sexan publicados.

A pía bautismal dá a vida, Cernunnos dá a vida. A auga da pía é a maneira de pasar a outro nivel. Iso debe ser o que ocorre no caldeiro de Gundestrup cando o oficiante somerxe a cabeza ó que pretende ser cabaleiro (unha teoría suxerida por Andrés Pena): é unha morte ritual, unida sen dúbida a outras probas. Estamos, pois, diante dunha imaxe que representa como poucas a mestura entre o mundo celta e o cristián. Porque, ademais, ó longo da Idade Media, o cervo asimíllase a Xesucristo, cousa que se ve moi ben nunha miniatura do *Livre du Roi Modus et de la Reine Ratio* (fig. 6).



Fig. 5.- Pía bautismal da igrexa do Hospital de Quiroga (Lugo).




Fig. 6.- Miniatura tomada de Le Livre du Roi Modus et de la Reine Ratio, composto polo normando Henri de Ferrières, entre 1354 e 1377 (Paris, BNF, département des Manuscrits, Français 12399, fol. 44v.). O cervo, como figura simbólica do ben (por contraposición ó porco bravo que se identifica neste libro co demo), porta entre os cornos a Cristo crucificado, co que se identifica. As 10 ramas exteriores da cornamenta correspóndense cos 10 mandamentos.  
 Imaxe: <[http://expositions.bnf.fr/bestiaire/grand/12\\_05\\_bnf.htm](http://expositions.bnf.fr/bestiaire/grand/12_05_bnf.htm)>

Engádesse a todo isto, a imaxe da cruz como árbore da vida, que nace de plantas do Paraíso, como delas xurdirán algúns resucitados que veremos na igrexa de San Francisco de Betanzos, e aparece rodeada por dous caulículos que se entrelazan no centro da cruz e por outros máis distribuídos en espirais polo resto do fondo da escena, estando a cruz flanqueada na base, atención! por dous cérvidos. Iso é o que vemos no mosaico de principios do s. XII da ábsida da basílica de San Clemente en Roma e loxicamente fainos lembrar as dúas ramas que saen correntemente da boca dos *green mans*. Tampouco podemos esquecer que en Galicia está documentado no 1120 a existencia dun *quercum Edratil*, ben coñecido na mitoloxía nórdica, o que demostra aquí o culto ás árbores (Cal Pardo, 1984: 237, noticia que coñezo por xentileza de



Fig. 7.- Ritual na Fonte do Santo da romaría de San Xoán en Bendrade (Oza dos Ríos, A Coruña, Galicia). Foto de Xosé María Veiga Ferreira, tomada no 2005. Desde tempo inmemorial a xente molla panos na auga da fonte, límpase ben con eles e logo bótaos na silveira a secar ó sol. Cando secan, todo o malo que sacaron da persoa desaparece maxicamente e a persoa rexenérase.  
 É a cultura celta, que aínda vive en boa parte do arco atlántico



*Figs. 8-10.- Arriba, esquerda, Shiva Pashupati, señor dos animais, procedente da cultura do Indo, desde o 2500 aC. Considérase un precedente do deus celta Cernunnos (<<http://en.wikipedia.org/>>). Arriba, dereita, Cernunnos sentado entre Apolo e Mercurio (Reims, Marne, s. I aC., tomado de I Celti). Debaixo, Cernunnos no caldeiro de Gundestrup do s. II aC (<<http://www.monstropedia.org/>>)*

Andrés Pena, amplamente desenvolada por Fernando Alonso Romero neste AB 2009).

No románico atópase tamén o símbolo paleocristián das dúas árbores do Paraíso: á árbore boa (*Liber floridus* de Saint-Omer, anterior a 1120), que daba a vida, e a árbore mala, que daba a morte (Heras, 1989). Unha elección que poidera afectar ás dúas ramas do *green man*, polo menos nalgúns casos, e que vemos tamén na lenda do Kirti-mukha indú (fig. 11). E logo convén non perder de vista a iconografía da árbore de Jesé, ligada en ocasións á do *green man*, aínda que non se poida falar dunha identificación en absoluto. Isto vese moi ben, por exemplo,



*Fig. 11.- Kirti-mukha ou a face da Gloria é unha cabeza hindú monstruosa e feroz, con cornos, colmillos e unha boca enorme da que saen dúas ramas. É frecuente sobre portas, fiestras e arcadas. Simboliza aquilo no que nos convertemos cando só procuramos posesións materiais: imaxe da avaricia que se come a si mesma. Norte da India, s. XI. Cleveland Museum of Art.*





Fig. 12.- Silvano, deus romano dos campos (protector das lindes dos terreos) e dos bosques. Imaxe: <[http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/2/2a/Silvanus\\_BritMu023a.jpg](http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/2/2a/Silvanus_BritMu023a.jpg)>



Fig. 13.- Dioniso na exposición La belleza del cuerpo, no MARQ (abril 2009). Dioniso aparece como un mozo afeminado que apoia o brazo no ombreiro dunha figura que é a encarnación do Viño, sobre a que medran os sarmentos con follas e uvas. Época romana, ca. 150-200 dC. quizais baseado nun orixinal grego do s. II aC. Procede de La Storta, Italia. Imaxe: <[http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Estatua\\_de\\_Dionisio\\_3.jpg](http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Estatua_de_Dionisio_3.jpg)>

na escena da Anunciación da igrexa de Notre-Dame-La-Grande, de Poitiers (fachada do s. XII), onde enriba da escena principal, coa árbore de Jesé, vemos varios *green mans*, a maioría de aspecto monstruoso, do mesmo xeito que enriba da escena de Adán e Eva coa árbore e a serpe. Semella que estas figuras de Poitiers están asimiladas a monstros infernais e funcionan como advertencia pedagóxica. Os *green mans* feroces da igrexa de Rebolledo de la Torre (Burgos) son outro exemplo. Por conseguinte, estamos diante da polivalencia funcional desta imaxe, que soamente se pode interpretar ben segundo o contexto no que apareza. Nesta liña, prantexo como hipótese a idea de que o *green man* poida ter esencialmente dúas caras. Na cara positiva, é un deus rexenerador de vida. Na negativa, un demo destructor e devorador, que formalmente comería plantas: unha imaxe da morte. Semella daquela que estaríamos diante de algo que ten semellanzas cos monstros andrófagos, tan característicos do románico, que dan a vida ou a morte segundo o caso.

Outra cuestión, que non ten resposta firme, é pensar quen foi o promotor desta marabillosa pía. Foron os monxes da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén, á que pertencía a igrexa? Foi algún cabaleiro alí enterrado que impuxo o seu particular gusto? L. Antonio Teijeiro (1988) fíxase no «*rostro con los cabellos en posición radial*» e iso lévao a falar dunha «*posible representación humanizada del sol*», facendo un paralelo moi arriscado coa representación do sol en Quintanilla de las Viñas. Esa relación formal, inexistente desde logo, é a que o leva a afirmar que esta «*gran copa granítica*» é de



*Figs. 14-15.- Dous homes (un sen barba e outro con ela) que vomitan unha rama con tres follas: 1) nunha ménsula interior da ábsida e 2) nun canzorro exterior do norte da mesma ábsida. Igrexa de San Francisco (Betanzos).*

«*procedencia foránea*» e ademais prerrománica. Non haberá máis que comprobar de onde é o granito desta obra para saber se vén de fóra ou se se fixo na zona. Queda este asunto, importante desde logo pola categoría e transcendencia da peza, pendente de que alguén o resolva. De momento, o mero feito de ser granito o material, xa nos levaría a pensar que se debeu facer na terra de Quiroga, aínda que, claro, non sabemos nada do seu autor nin das influencias que tivo, que ese tamén é outro asunto.

A forma da copa, troncocónica invertida (a máis común), e o seu fuste e basa, pódenos facer lembrar algunhas pías románicas, pero, máis aló de dicir que é baixomedieval, non resulta doado afinar unha data: dígamos ss. XII-XIII?

#### OS GREEN MANS DA IGREXA DE SAN FRANCISCO DE BETANZOS

Empecemos pola porta principal. Alí nos atopamos cun capitel e cunha basa nas que se figura a mesma escena: unha cabeza monumental, que enche todo o espazo de abaixo arriba, aparece rodeada por dúas cabezas pequeniñas, dadas a volta, que vomitan pola boca ramas (mesmo recordan dalgún xeito as cabezas cortadas celtas). O feito de estar dadas a volta podería confundirnos e pensar que se trata de condenados do inferno cristián, pero non é o caso: esas cabeciñas imitan a semente xermolando. Son unha metáfora da resurrección cunha forma que parece remitir a un renacemento celta, pero asimilada polo Cristianismo. Xermolan vida. Son semente de vida eterna.

Pero, a quen representa a gran cabeza central? Non hai dúbida ningunha: a Fernán Pérez de Andrade, o promotor do mosteiro e da igrexa e o que converteu esta no gran panteón familiar. É o cabaleiro máis poderoso da segunda metade do s. XIV en Galicia, un home que polas súas circunstancias vitais precisa rodearse dun gran aparato simbólico para escenificar o seu poder e para, en último extremo, xustificalo (Erias, AB2008). E o escenario por excelencia son as súas obras, de maneira moi especial esta igrexa de San Francisco. Desta forma vemos que Andrade faise enterrar como un heroe (guerreiro e gran cazador) á



Fig. 16.- Resucitados na clave de bóveda da igrexa de San Francisco, de Betanzos (s. XIV).

maneira antiga na ábsida; a súa cabeza, perfectamente recoñecible e máis grande que outras, figúrao como resucitado no Paraíso cristián no nervio da bóveda que estaba enriba do seu sepulcro, e agora vemos que tamén se fai representar como resucitado nun paraíso formalmente precristián. Esta mestura de formas antigas e medievais non é algo novedoso nas obras betanceiras deste home. Pensemos, ademais da caza que nos remite a sarcófagos romanos do Baixo Imperio, no calendario de Santa María do Azogue, nas imaxes do deus Xano na clave de bóveda desta mesma igrexa e nun canzorro da de Santiago da mesma cidade... En fin, semella que utiliza as dúas linguaxes moi conscientemente: a cristián por necesidade e a antiga porque quere que o vexan como un gran persoeiro á maneira clásica: como eses que aparecen na *Cronica Troiana* que el mandou pasar ó galego. Pero as cabezas que vomitan ramas e follas na igrexa de San Francisco non rematan aquí:



Fig. 17.- Os resucitados do Pórtico da Gloria no medio dunha frondosa vexetación que simboliza a imaxe bíblica do Paraíso.

-Unha está nunha ménsula da propia ábsida: é a imaxe positiva dun mozo imberbe que vomita unha rama con tres follas.

-Outra, semellante, é a cara dun home barbado que tamén vomita unha rama con tres follas. Aparece nun canzorro exterior do norte da ábsida.



*Fig. 18.- Resucitados entre plantas, resucitado músico enriba dunha planta e resucitado-planta. Ábsida da igrexa de San Francisco (Betanzos).*



*Fig. 19.- Resucitado músico enriba dunha planta, resucitados-plantas e resucitados saíndo dos sepulcros. Ábsida da igrexa de San Francisco (Betanzos).*



*Fig. 20.- Resucitados-plantas no Paraíso da ábsida da igrexa de San Francisco (Betanzos).*



*Fig. 21.- Un resucitado saíndo do sepulcro e máis exemplos de vexetación paradisíaca na ábsida da igrexa de San Francisco (Betanzos).*



*Fig. 22.- Retratos de Fernán Pérez de Andrade, do seu fillo morto de mozo, de dous irmáns e dunha filla como resucitados entre plantas na ábsida de San Francisco (Betanzos). Na esquina inferior esquerda, o Paraíso na escena do peso das almas por San Miguel enriba do arco da ábsida.*





*Fig. 23.- Tanto na basa como no capitel da porta principal da igrexa de San Francisco (Betanzos), Fernán Pérez de Andrade aparece como resucitado entre outros resucitados que semellan semente de vida (green mans), coa cabeza para baixo e a planta medrando.*

-E, por último, noutro canzorro, moi visible desde o adro de Santa María do Azogue, no muro oriental do brazo sur do cruceiro, vemos unha cabeza que, segundo a miña hipótese, en vez de vomitar, devora dúas ramas con grandes follas. Digo isto, porque a particularidade desta imaxe está en que claramente representa un ser grotesco, con características monstruosas. A outra cara do *green man*: unha imaxe da morte, ou tamén, unha cristiación en negativo desta figura de raíz antiga.

### RESUCITADOS NO PARAISO CRISTIÁN DE SAN FRANCISCO DE BETANZOS

Os resucitados da igrexa de San Francisco, de Betanzos (estamos nas últimas décadas do s. XIV), aparecen esculpidos (estiveron tamén pintados) nos nervios e na clave de bóveda da ábsida. Da catedral de Santiago cópianse ideas e algunhas formas, sempre en clave máis esquemática e popular, pero, ó mesmo tempo, hai unha gran creatividade:

-Aparecen como resucitados retratos de persoeiros concretos da familia Andrade (Erias, AB2008).

-Hai unha visión máis próxima ó pobo na representación dos numerosos músicos (varios gaiteiros...)

-Vemos, por exemplo, un panadeiro coa pa do forno (Erias, AB2008).

Sistematizando, os resucitados de San Francisco preséntanse das seguintes maneiras:

1) Resucitados saíndo do sepulcro.

2) Resucitados entre plantas (ramas, follas, floróns...) á maneira de Compostela.

3) Resucitados enriba de plantas (estas funcionan como soporte ou peana).

4) Resucitados-plantas. Neste caso a cabeza do resucitado sae do centro dun gran florón ou do medio de varias ramas, semellando formar parte desa vexetación. Evidentemente, esta é a forma de resucitado cristián desta igrexa que, sen poder identificarse coa do *green man*, máis se lle parece. E este parecido formal resulta moi interesante, porque demostra ata que punto formas de tradicións diferentes se poden achegar nun proceso de asimilación.

O máis parecido ás imaxes dos resucitados da catedral de Santiago vese na clave de bóveda da ábsida (fig. 16), onde catro resucitados coas mans levantadas aparecen representados entre grandes ramas e follas, mentres no centro a imaxe de deus é un gran florón, rodeado por tres ramas interiores e tres exteriores, entre unha cadea que forma unha especie de triforio pechado, ó tempo que todo queda integrado nun círculo. Semella que se quixo debuxar simbolicamente a imaxe trinitaria do deus cristián, de aí a redundancia do



Fig. 24.- Imaxe monstruosa, grotesca e, polo tanto, negativa, do *green man*, que aquí sería un devorador de vida, unha metáfora da morte. Igrexa de S. Francisco (Betanzos).

número tres, dando como resultado un deus como árbore da vida, que ocupa o centro do Paraíso, entendido este como un bosque primixenio. Pero tamén nos dá a imaxe dun deus solar onde as ramas tumbadas en movemento semellan os raios do sol, lembrando os tres lóbulos encadeados, un símbolo solar celta: o trisquel (cos tres pasos).

Se falamos neste traballo de resucitados, particularmente dos de San Francisco, de Betanzos, é porque, ó estar tan ligados á vexetación, permiten establecer unha certa similitude formal coas figuras que vomitan ramas e follas pola boca. E este achegamento é aínda maior cando estes *green mans* representan tamén especificamente resucitados (e á vez resucitadores de vida), como é o caso dos que rodean a gran cabeza de Andrade na basa e capitel da porta principal desta igrexa. Por conseguinte, constatamos que os mecanismos de asimilación cultural de formas e funcións procedentes de mundos culturais distintos poden achegarse tanto que nos leven á confusión.




Fig. 25.- Green man da colexiata de San Pedro de Teverga en Asturias (s. XII) que vomita sarmentos con follas, zarcillos e racimos de uvas. Figuras semellantes poderían explicar perfectamente que esta forma, recreada, non moi lonxana de Dioniso ou Baco, se popularizase por bares e tabernas británicas.

#### *GREENMANS* NO SEPULCRO DUN CREGO DE VENTOSA (AGOLADA, PONTEVEDRA)

Estamos na igrexa de San Xulián de Ventosa en Agolada, Lugo, diante dun sepulcro granítico, ricamente esculpido en clave renacentista, mesmo cunha pintura ó fresco no fondo do arcosolio (unha Piedade). Cando Filgueira Valverde e Fernández Oxea visitaron a igrexa, o párroco díxolles que o sepulcro tivera unha lenda que dicía: CAPELA E SEPULTURA DE EQUELIAS (sic) SACERDOTE DE VERDADE NA ERA DE 1525 (Izquierdo, 2001). A datación semella acertada ou próxima á realidade, a condición, claro, que se lea ou se interprete ERA por ANO. Por outra parte, a utilización do galego en sepulcros tamén resulta anacrónica para esta época e estilo.

É un sepulcro cheo de formas. Sorprende que na fronte haxa nada menos que oito *green mans*. E logo hai moitos *putti* (nenos ou querubíns empregados como ornamento na Antigüidade e redescubertos no Renacemento) xunto a animais reais ou fantásticos, case todos xirando iconograficamente arredor dunha forma protagónica: a árbore, xa sexa nova ou coa copa formada. Todo fala de rexeneración, de vida nova. Diríase que aquí se vislumbra o vello culto ós bosques de carballos sagrados galegos, (*roboiras sacras* e non ribeiras sacras), debaixo de formas cristianizadas a partir dos tres tipos de árbores do Paraíso do *Génesis* (un lugar real na desembocadura do Tigris e do Éufrates con outros ríos que hoxe non existen, pero que existiron), sen perder de vista tampouco a árbore de Jesé (derivada dun soño de Adán e que se compara á árbore da vida ou á árbore da Cruz), pai de David, que está na base da xenealoxía de Cristo. De feito, nun caso, o *putti* agárrase a unha árbore nova e remata a escena na parte superior cun home barbado (San Xosé?). Simetricamente, vemos ó outro lado a mesma escena, pero rematada por unha muller (a Virxe?).

<sup>8</sup>Y Jehová Dios plantó un huerto en Edén, al oriente; y puso allí al hombre que había formado. <sup>9</sup>Y Jehová Dios hizo nacer de la tierra todo árbol delicioso a la vista, y bueno para comer; también el árbol de vida en medio del huerto, y el árbol de la ciencia del bien y del mal. <sup>10</sup>Y salía de Edén un río para regar el huerto, y de allí se repartía en cuatro brazos. <sup>11</sup>El nombre del uno era Pisón; éste es el que rodea toda la tierra de Havila, donde hay oro; <sup>12</sup>y el oro de aquella tierra es bueno; hay allí también bedelio y ónice. <sup>13</sup>El nombre del segundo río es Gihón; éste es el que rodea toda la tierra de Cus. <sup>14</sup>Y el nombre del tercer río es Hidekel; éste es el que va al oriente de Asiria. Y el cuarto río es el Eufrates (Génesis 2:8-14)

<sup>1</sup>Saldrá una vara del tronco de Isaí, y un vástago retoñará de sus raíces. <sup>2</sup>Y reposará sobre él el Espíritu de Jehová; espíritu de sabiduría y de inteligencia, espíritu de consejo y de poder, espíritu de conocimiento y de temor de Jehová (Isaías 11:1-2).

<sup>16</sup>Yo Jesús he enviado mi ángel para daros testimonio de estas cosas en las iglesias. Yo soy la raíz y el linaje de David, la estrella resplandeciente de la mañana (Apocalipsis 22:16).

Se a intercesión de moitos anos como hai tivo éxito (que se dá por feito) o resultado é un Paraíso cheo de formas clásicas que se reconvirten automaticamente en formas cristiáns ó mesturarse cos cálices e cos anos intercesores, ademais de estar todo presidido na cima por Cristo en maxestade amosando as chagas, xunto ós apóstolos e anos músicos. Cálices sobre libros, o mesmo que a base da almofada, fórmula que vemos algo antes na catedral de Ourense («bachiller» e «canónigo» Alonso González, finado no 1460) e nalgúns outros lugares en perseiros da igrexa ligados a cargos administrativos. Con acerto, o profesor Izquierdo (2001) subliña a rareza da existencia de dous retratos do finado: na fronte, con cáliz, e na lauda que cubre o sarcófago, sen el e rezando. Tamén lle sorprendeu que o da fronte teña un anxo que lle agarra os pés e outro que lle colle a cabeza. Na miña opinión, a referencia está no chamado sepulcro de Santa Froila (s. XII) da catedral de Lugo, no que un anxo empurra a barca, que leva á defunta, pola popa, ata o Máis Aló, onde outro anxo a recibe, mentres un terceiro desde o ceo empeza a levantar á defunta colléndolle as mans (o ollo e a man de deus guía a escena): un caso único de renacemento temperán que nos achega directamente á tradición grecolatina.

O *green man* aquí, non cabe dúbida, funciona en armonía coas demais formas, significando a resurrección da vida, polo que, en sentido estricto, non deixa de ser unha imaxe de deus (dun deus antigo apropiado polo Cristianismo) rexenerador, que se conservou ata ese tempo e chega ata nós, como un arquetipo que sempre volve.

## REFLEXIÓNS SOBRE O GREEN MAN

Partindo da base de que o que me importou fundamentalmente foi dar a coñecer estes casos galegos para que se teñan en conta á hora de futuros traballos, permítome prantexar



Fig. 26.- O home verde (aquí non vomita ramas) no caderno de debuxos do mestre de obras itinerante francés (s. XIII), Villard de Honnecourt. Imaxe: <[http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Villard\\_de\\_Honnecourt\\_-\\_Sketchbook\\_-\\_10.jpg](http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Villard_de_Honnecourt_-_Sketchbook_-_10.jpg)>



Fig. 29.- Festa dos Maios en Villafranca del Bierzo (León) no 2010. Foto: César Sánchez, tomada de <[www.leonoticias.com](http://www.leonoticias.com)>

Figs. 27-28.- Á esquerda, no Londres do s. XVIII, o desollinador Jack in the Green danza con "Lord and Lady of the May" (o Señor e a Señora de Maio, tamén desollinadores) nun derroche de vitalidade, ledicia e provocación. Á dereita, en Betanzos (Galicia), vemos o último renacemento da Festa dos Maios (2009) que desaparece durante anos e décadas, pero sempre volve. En Londres tratábase dunha festa ligada a unha corporación, mentres en Betanzos é hoxe unha festa do pobo, pero as dúas e moitas outras máis na primavera europea, son manifestacións da ledicia que trae a nova vida, a resurrección das plantas e dos animais. Imaxes: 1) <<http://en.wikipedia.org>>, 2) César.

algunhas ideas, que resultan do manexo destas formas, envoltas tradicionalmente nun certo misterio. Para empezar, teño a impresión de que o vomitador ou o devorador de vida, segundo os casos, é unha recreación de artistas dos séculos XI, XII e XIII (aínda que vin citado nalgures un referente francés do s. IV). O caso do caderno de Villar de Honencourt é moi significativo, porque se ve que retoma un motivo coñecido e dalle a súa personalidade.

Estamos diante dunha serie de imaxes que se inspiran claramente en formas antigas. Pero formas antigas de diversas fontes: iso é fundamental telo en conta á hora de estudar cada caso concreto. O Cernunnos celta é unha, pero hai outros deuses do bosque primixenio euroasiático, que tiveron unha presenza relevante en Grecia e, sobre todo, no imperio romano, que son tamén, sen dúbida, base de inspiración dos artistas baixomedievais. Mesmo algúns poden aparecer coa cabeza chea de follas. Son, por exemplo:

Silvano, un *genius loci* romano herdeiro do etrusco Selvans, protector de campos de cultivo (e das lindes dos terreos), bosques e rebaños de gando (asimila tamén ó celta Sucellos, deus da agricultura e dos bosques, do sol e da noite, o do dobre mazo co que mata ou resucita); semellante a Silvano era o eslavo Borevit. O etrusco Puphluns (deus das plantas, da felicidade, da saúde e do crecemento de todas as cousas); o seu semellante grego é Dioniso ou o romano Baco. O grego Sileno, deus dos borrachos, o máis vello dos sátiros, pai adoptivo e compañeiro de Dioniso; Dioniso (aínda que estranxeiro para os gregos, figura como fillo de Zeus), deus do viño, da agricultura, do teatro, libera da normalidade mediante o éxtase pola bebida e facilita a comunicación entre vivos e mortos.



Fig. 30.- Os oito green mans do sepulcro de San Xulián de Ventosa en Agolada (Pontevedra).

A relación de deuses (e deusas) é moito maior, pero sirva agora de mera referencia inicial.

Non cabe dúbida, por exemplo, que a imaxe de Dioniso ou Baco, e a figura que os pode acompañar como encarnación do viño (fig. 13), son un punto de partida seguro para algúns *green mans*: aqueles que vomitan sarmentos, zarcillos e racimos de uvas, como os de Teverga en Asturias (fig. 25) ou os da igrexa de Crowcombe no condado de Somerset do sudoeste de Inglaterra. Probablemente é esa procedencia a que xustificaría a popularidade desta figura nas tabernas e establecementos similares das Illas Británicas. Pero esta liña ten á beira outras moi diferentes: *green mans* que vomitan ramas de carballo ou de outras plantas, *green mans* como homes salvaxes cubertos completamente de pelo, «Jack in the Green» nas Illas Británicas, en España, «Santiago el Verde» (Vázquez, 1996), «Hombres de Musgo» de Béjar, ou *Busgosu* de Asturias (Álvarez, 2004)... Precisamente, o salvaxe ten no *Quijote* un texto moi revelador da súa popularidade:

Tras esta entró otra danza de artificio y de las que llaman habladas. Era de ocho ninfas, repartidas en dos hileras: de la una hilera era guía el dios Cupido, y de la otra, el Interés; aquel, adornado de alas, arco, aljaba y saetas; este, vestido de ricas y diversas colores de oro y seda. Las ninfas que al Amor seguían traían a las espaldas en pergamino blanco y letras grandes escritos sus nombres. *Poesía* era el título de



Fig. 31.- Jesé recostado, do que sae a árbore, como derivación do sono de Adán. Biblioteca Mediceo-Laurenziana, Florencia, ms. Ashburn 1166.



Fig 32.- Sepulchro de San Xulián de Ventosa en Agolada (Pontevedra).

la primera; el de la segunda, *Discreción*; el de la tercera, *Buen linaje*; el de la cuarta, *Valentía*. Del modo mesmo venían señaladas las que al Interés seguían: decía *Liberalidad* el título de la primera; *Dáviva* el de la segunda; *Tesoro* el de la tercera, y el de la cuarta *Posesión pacífica*. Delante de todos venía un castillo de madera, a quien tiraban **cuatro salvajes, todos vestidos de yedra y de cáñamo teñido de verde**, tan al natural, que por poco espantaran a Sancho. En la frontera del castillo y en todas cuatro partes de sus cuadros traía escrito: *Castillo del buen recato*. Hacíanles el son cuatro diestros tañedores de tamboril y flauta. (*Segunda parte del ingenioso caballero don Quijote de la Mancha, Capítulo XX*). <<http://cvc.cervantes.es/obref/quijote/edicion/parte2/cap20/>>

No desenrolo ata hoxe da figura do *green man*, xogan todas estas tradicións, célticas unhas, grecolatinas outras, pero todas enraizadas nun mundo anterior indo ou preindoeuropeo do que subxacen cultos a deuses dos bosques, eses deuses que facían que a vida retornase puntualmente en primavera despois da morte invernal. Eses mesmos deuses que hoxe están a morrer á beira dos bosques que tamén desaparecen.

É importante ter en conta que, en todos ou na maioría dos casos, non ten por que haber relación de causa-efecto entre a cara medieval á que lle saen ramas pola boca (ou que as devora) e esas manifestacións populares festivas (figuras vestidas de verde ou envoltas en ramas, musgo, etc.). Sen embargo, si hai unha relación entre todas estas formas, sexa cal sexa o tempo, lugar e circunstancias en que aparecen, porque son facetas ou manifestacións dun arquetipo cultural: o que representa o renacemento da vida. A partir daí poden establecerse, e de feito establécense, un sinfín de derivacións: a vida como vexetación, a vida como festa, a vida como borracheira, a vida como volta ó mundo salvaxe, etc. E tamén, a antvida, é dicir, a morte que (é a miña hipótese) representa o outro *green man*, o de cara de monstro, de demo, que, en consecuencia non vomitaría plantas, senón que as comería.

Claro está que como estamos a falar dun arquetipo dos máis poderosos da cultura, non só occidental, senón humana, pode conter en maior ou menor grao, como un cadro repintado durante milleiros de anos -ó que se lle engaden ademais variacións-, restos de imaxes e rituais que pertenceron a tempos e a deuses e deusas moi diferentes, aínda que sempre ligados á idea de rexeneración da vida despois da noite invernal. Noite que é igual a negro, a escuro, a negativo, a morte, en definitiva, tanto real como simbólica. E este mecanismo continúa hoxe e continuará mentres quede algún ser humano agochado no último bosque do planeta.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, Fernando, 2010, «El folklore gallego sobre la viga de oro: su origen y significado». *Anuario Brigantino* 2009.
- ÁLVAREZ PEÑA, Alberto, 2004, «El Busgosu, L'home verde y otros señores se la viesca». *Asturies: memoria encesa d'un país*, nº 17.
- CAL PARDO, Enrique, 1984, *El Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos: colección documental*. La Coruña, Diputación Provincial.
- CHAMOSO LAMAS, M., 1979, *Escultura funeraria en Galicia*. Ourense, Diputación Provincial.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2009, «Na igrexa de San Francisco de Betanzos: unha representación cósmica do ano, restos dun calendario agrícola, algúns artesáns e retratos dos Andrade». *Anuario Brigantino* 2008.
- FRAZER, James George, 1998 (1ª ed. 1890), *La rama dorada: Magia y religión*. México..., Fondo de Cultura Económica.
- HARDING, Mike, 1998, *A Little Book of the Green Man*. London, Aurum Press Ltd.
- HERAS Y NÚÑEZ, María de los Ángeles, 1989, «La máscara que arroja dos haces de caulículos por su boca». *Cuadernos de Arte e Iconografía*, t. II-3. <<http://www.fuesp.com/revistas/pag/cai0311.html>>
- IZQUIERDO PERRÍN, Ramón, 2001, «Arquitectura románica en el municipio de Agolada». *Rutas cicloturísticas del románico*, nº 19.
- MILLAR, Ronald, 1997, *The Green Man: companion and gazetteer*. Seaford, East Sussex, S. B. Publications.
- RAGLAN, Lady J., 1939, «The 'Green Man' in Church Architecture.» *Folklore* 50: 45-57.
- TEIJEIRO, L. Antonio, 1988, *Quiroga: Encomienda de San Juan (Historia, Monumentos y Linajes)*. Concello de Quiroga / Diputación Provincial de Lugo.
- VÁZQUEZ, Lois, 1996, «Galicia en la fiesta de Santiago el Verde: (Breve apunte apetitoso)». *Ruta Cicloturística del Románico Internacional*, nº 14.

AGRADECIMENTOS: Daniel Manso, Andrés Pena,  
Alberto López, Xosé M<sup>a</sup> Veiga e Aurora Lestón.

*Anuario Brigantino* 2009, nº 32